

Resolución reitoral pola que se establecen as características do Grao Aberto en Enxeñaría Industrial da Universidade da Coruña

PREÁMBULO

O Regulamento dos Programas de Graos Abertos da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno o 5 de xuño de 2024, prevé que as características dos programas de grao aberto sexan aprobadas mediante resolución reitoral.

Ao abeiro do disposto no citado regulamento, apróbanse mediante a presente resolución as características do Programa de Grao Aberto en Enxeñaría Industrial da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO I. Descrición

Artigo 1. Características do programa

Denominación: Grao aberto en Enxeñaría Industrial da Universidade da Coruña

Rama de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura

Campo de estudo: Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación

Centro responsable da implantación das disciplinas do programa: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF)

Centro coordinador e responsable administrativo do programa: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Duración do programa: 60 ECTS (un curso)

CAPÍTULO II. Acceso

Artigo 2. Requisitos de acceso ao grao aberto

1. O acceso ao Programa de Grao Aberto en Enxeñaría Industrial rexerase polo disposto no Regulamento dos Programas de Graos Abertos da Universidade da Coruña e pola demais normativa que resulte de aplicación.

2. Para acceder ao programa, o alumnado deberá contar cunha nota de acceso, como mínimo, igual á máis alta de tódalas titulacións de grao integradas no programa. Como referencia, a CIUG empregará as notas de corte desas titulacións no curso académico anterior ao solicitado.

Artigo 3. Matrícula en primeiro por primeira vez no grao aberto

1. A matrícula no programa realizarase de conformidade co disposto no Regulamento dos Programas de Graos Abertos da Universidade da Coruña.
2. Dado o carácter pechado do plan de estudos, o estudantado matricularase nas materias que figuran no Anexo I.

Artigo 4. Matrícula de continuación de estudos

1. Non será posible facer matrícula de continuación, dado que o Programa de Grao Aberto en Enxeñaría Industrial ten unha duración dun curso académico. Unha vez finalizado o programa, o estudantado deberá incorporarse a un dos graos que o integran: grao en Enxeñaría Mecánica, grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática, grao dual en Enxeñaría Eléctrica.
2. A matrícula no grao de destino seguirá a normativa académica da UDC.

CAPÍTULO III. Plan de estudos

Artigo 5. Contido do plan de estudos

1. O plan de estudos do Grao Aberto en Enxeñaría Industrial pola UDC consta de dous cuatrimestres. O alumnado matriculado no grao aberto cursará 60 ECTS correspondentes ás disciplinas de primeiro curso, comúns a todos os graos de programa.
2. As materias incluídas no plan de estudos son comúns para todo o estudantado e serán obxecto de recoñecemento nos correspondentes graos de destino de acordo coa táboa de recoñecementos recollida no anexo II.

CAPÍTULO IV. Incorporación ao grao elixido

Artigo 6. Requisitos de acceso ao grao de destino

1. Unha vez rematado o primeiro curso, o/a estudante accederá a un grao dos incluídos no grao aberto.
2. A incorporación realizarase de conformidade cos procedementos e prazos establecidos pola Universidade da Coruña para a continuación dos estudos no grao de destino.

Artigo 7. Normativa de permanencia no grao aberto

O alumnado de primeiro curso matriculado no grao deberá superar nese curso

académico o número mínimo de créditos establecidos na norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e máster na UDC.

CAPÍTULO V. Recoñecemento de disciplinas

Artigo 8. Recoñecemento de disciplinas

No Grao Aberto en Enxeñaría Industrial pola UDC, todas as disciplinas e créditos ECTS superados polo estudante dentro do programa terán recoñecemento no grao destino. A táboa de recoñecementos pódese consultar no anexo II.

Artigo 9. Programa de formación complementaria

1. O programa de formación complementaria rexerase polo disposto no Regulamento dos Programas de Graos Abertos da Universidade da Coruña.
2. A oferta anual de formación complementaria estará integrada por materias dos graos participantes no Programa de Grao Aberto en Enxeñaría Industrial e será aprobada pola comisión académica do programa.
3. Expedirase un Diploma de Formación Complementaria ao estudantado que superasen un mínimo de 36 ECTS en graos diferentes ao grao de destino no programa de grao aberto. O diploma de formación complementaria denominarase Diploma de Formación Complementaria en Enxeñaría Industrial.

CAPÍTULO VI. Coordinación e titorización

Artigo 10. Coordinación académica

1. O centro responsable do Programa de Grao Aberto en Enxeñaría Industrial será a EPEF.
2. O grao aberto contará cun/unha coordinador/a do programa no centro responsable, que será a persoa de referencia para aclarar calquera dúbida que poida xurdir no seu desenvolvemento.
3. A Comisión Académica do Ámbito Industrial da EPEF será a comisión encargada da coordinación do programa.

Artigo 11. Titorización

1. A titorización do estudantado realizarase conforme ao disposto no Regulamento dos Programas de Graos Abertos da Universidade da Coruña.
2. As persoas titoras serán designadas pola Comisión Académica do Ámbito industrial

da EPEF.

Artigo 12. Seguimento no grao aberto

O seguimento do programa corresponderá á Comisión Académica do Ámbito Industrial e á Comisión de Garantía de Calidade da EPEF.

Disposición derogatoria. Derogación da resolución anterior

Queda derogada a Resolución reitoral do 12 de xuño de 2024 pola que se establecen as características do Grao Aberto en Enxeñaría Industrial.

Disposición final primeira. Habilitación para o desenvolvemento e aplicación da resolución

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en titulacións ditar as instrucións que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta resolución, así como resolver as dúbidas que poidan xurdir na súa interpretación.

Disposición final segunda. Publicación, aplicación e entrada en vigor

A presente resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede electrónica da Universidade da Coruña.

Esta resolución será de aplicación ao estudantado que acceda ao Programa de Grao Aberto en Enxeñaría Industrial da Universidade da Coruña a partir do curso académico 2026/2027.

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede electrónica da Universidade da Coruña.

O reitor
Ricardo José Cao Abad

ANEXO I. Materias do plan de estudos

Grao	Curso	Cuadr.	ECTS	Código	Materia	Carácter
Enxeñaría Eléctrica	1	1º	6	202919	Matemáticas 1	FB
Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	1	1º	6	201049	Informática	FB
Enxeñaría Eléctrica	1	1º	6	201050	Física 1	FB
Enxeñaría Eléctrica	1	1º	6	201051	Química	FB
Enxeñaría Eléctrica	1	1º	6	201291	Expresión gráfica	FB
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1	2º	6	202906	Matemáticas 2	FB
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1	2º	6	201658	Ciencia dos materiais	OB
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1	2º	6	201659	Estatística	FB
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1	2º	6	201660	Física 2	FB
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1	2º	6	201661	Xestión empresarial	FB

ANEXO II. Táboas de recoñecementos

Código				Materia
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Grao en Enxeñaría Mecánica	Grao en Enxeñaría Eléctrica (mención dual)	Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	
202907	202907	202919	202919	Matemáticas 1
201653	201653	201291	201291	Expresión Gráfica
201654	201654	201050	201050	Física 1
201655	201655	201049	201049	Informática
201656	201656	201051	201051	Química
202906	202906	202920	202920	Matemáticas 2
201658	201658	201295	201295	Ciencia dos materiais
201659	201659	201294	201294	Estatística
201660	201660	201293	201293	Física 2
201661	201661	201296	201296	Xestión Empresarial